

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 30 DE MAIO DE 2013.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** do xoves día **TRINTA DE MAIO DE DOUS MIL TRECE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ, D^o KLAUS BREY MONTAÑA e D^a DOLORES GARCÍA TROITIÑO** a Interventora Municipal **ISABEL PERNAS SANCHEZ** e do Secretario da Corporación **FRANCISCO JAVIER OUBIÑA LODEIRO**, que suscribe e da fe.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES**
- 2º.- **LICENCIAS E CAMBIOS DE TITULARIDADE**
- 3º.- **ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**
- 4º.- **SUBVENCIÓNS**
- 5º.- **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PACO LAREO. A SOLAINA DE PILOÑO, MUSEO DA MINERÍA DE FONTAO, MUSEO ETNOGRÁFICO CASA DO PATRÓN DE CODESEDA E O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO ROMÁNICO DE CARBOEIRO.**
- 6º.- **DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DO PATRONATO PROVINCIAL DE TURISMO RÍAS BAIXAS.**
- 7º.- **ROGOS E PREGUNTAS**

- 1º.- **APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**
- Acta da sesión extraordinaria de 10 de maio de 2013

Preséntanse para aprobación estas actas:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 10 de maio de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación a seguinte acta da Xunta de Goberno Local:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 10 de

maio de 2013.

2º.- LICENCIAS E CAMBIOS DE TITULARIDADE.

2.1.- Licenza de primeira ocupación a Don José Manuel Torres González pola vivenda unifamiliar illada sita en Lugar de Coelleira, parroquia de Parada en base á licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 23 de abril de 2009.

Visto o escrito presentado por Dº José Manuel Torres González, de data 06 de agosto de 2012, Rexistro de Entrada nº 4155 de data 06 de agosto de 2012, solicitando licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar sita no lugar de Coelleira, parroquia de Parada (Silleda).

Visto o informe técnico de licenza de primeira ocupación emitido polo arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 20 de maio de 2013.

Visto o informe xurídico emitido polo Secretario xeral da Corporación, de data 27 de maio de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Expediente: Licenza de primeira ocupación

Primeiro.- Conceder a Don José Manuel Torres González, DNI 35241197-E, licenza de primeira ocupación pola vivenda unifamiliar illada localizada en Lugar de Coelleira, parroquia de Parada (Finca nº 1154, polígono 11 do plano de concentración parcelaria de Latro-Parada) segundo o disposto nos artigos 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia e 20 da Lei 18/2008, de 29 de decembro, de Vivenda de Galicia, autorizando a posta en uso dos mesmos, en base á licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 23 de abril de 2009, ao executarse a obra segundo a licenza municipal concedida, tal e como consta no certificado de fin de obra con visado colexial de 23 de xullo de 2012, subscrito polo director da execución da obra Don José Pereiras Sánchez e polo Director da Obra Don Antonio R Albacete Jiménez e previa visita de comprobación polo Concello.

Segundo.- A presente licenza outórgase agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, non podendo ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que poida incurrir o seu beneficiario no exercizo da actividade autorizada.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional da taxa por expedición de licenza de primeira ocupación (artigo 5.1. a da Ordenanza Reguladora da Taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación de edificios do Concello de Silleda) por importe de 90,00 euros.

Cuarto.- Comunicarlle á Administración Autonómica o contido deste acordo, así como ao Catastro Inmobiliario de conformidade co disposto no artigo 36.2 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, en relación co previsto no artigo 16.2.a) do mesmo texto normativo.

Quinto.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

- a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANESTO é que é a seguinte: 2080/5443/37/3110100171.

Sexto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto

Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

2.2.-Cambio de titularidade solicitado por María Carmen García González do establecemento sito a rúa Venezuela, nº 9, adicado a Pub.

Visto o escrito presentado por D^a M^a del Carmen García González, de daa 07 de maio de 2013, Rexistro de Entrada nº 2738, de data 10 de maio de 2013, solicitando cambio de titularidade do establecemento sito na rúa Venezuela, 9 (Silleda).

Visto o informe xurídico emitido polo Secretario xeral da Corporación, de data 27 de maio de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Primeiro.- Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento para pub concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de xuño de 2007, do local sito na Rúa Venezuela nº 9, pasando a ser o novo titular da licenza de apertura María del Carmen González García con DNI 77401488-W, en troques de GONZÁLEZ Y GARCÍA S.C.,

Segundo.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Taxa por cambio de titularidade de licenza de apertura (Artigos 1.2.h, e 4 da Ordenanza Reguladora da Tax pola Realización de Actividades Administravas de Inspección, Control e Verificación de Actividades en Réxime de Declaración Responsable) por importe de 112,50 euros.

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servicios urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 36,00 euros.

Terceiro.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do

mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

Cuarto.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

- a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANESTO é que é a seguinte: 2080/5443/37/3110100171.

Quinto.- Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

2.3.- Desestimento da solicitude de licenza de cambio de titularidade da licenza de actividade destinada a Café-Bar no local sito en Calle Venezuela nº 38, baixo - Silleda, que viña a nome de Divina Yáñez Couso.

Visto que por Dº Carlos Maril Yáñez, mediante escrito de data 20 de maio de 2013, Rexistro de Entrada nº 2898 de data 21 de maio de 2013, solicítase cambio de titularidade da licenza de actividade destinada a Café-Bar no local sito en Calle Venezuela nº 38, baixo - Silleda que viña a nome de Divina Yáñez Couso a favor de Carlos Maril Sánchez.

Visto que, por Dº Carlos Maril Sánchez, mediante escrito de data 22 de maio de 2013, Rexistro de Entrada nº 3014, de data 29 de maio de 2013, solicítase a anulación do expediente de cambio de titularidade iniciado mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 2898 de data 21 de maio de 2013.

Visto o informe xurídico emitido polo Secretario xeral da Corporación, de data 27 de maio de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Primeiro.- Estimar a solicitude presentada por Don Carlos Maril Yáñez e aceptar de plano, de acordo co disposto nos artigos 90 e 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o desestimento da solicitude de licenza de cambio de titularidade da licenza de actividade destinada a Café-Bar no local sito en Calle Venezuela nº 38, baixo - Silleda, que viña a nome de Divina Yáñez Couso.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados

Terceiro.- Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante o Alcalde no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

3º.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dase conta do escrito de María del Carmen Carballo Silva, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 23 de maio de 2013, sobre comunicación de modificación de horas de prestación do servizo e do copago no SAF, no correspondente programa de atención á dependencia de:

Nome a Apelido	Enderezo
Ismael Antonio López Ayude	Arcos, 18 - Grava

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos membros presentes, **acorda a aprobación desta modificación**, polo que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar e o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, a persoa usuario disfrutará do servizo con carácter gratuito.

4º.- **SUBVENCIONS:**

4.1.- **Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios.**

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a proposta da Alcaldesa a Xunta de Goberno Local, de data 28 de maio de 2013, sobor cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios, que se transcribe:

"Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data 10 de Maio de 2013, adoptou o seguinte acordo:

"1º.- Solicitar á Deputación de Pontevedra a sinatura do convenio para cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios.

2º.- Aprobar a achega municipal que ascendería a cantidade de 31.717, 55 €, con efectos dende o 1 de Xaneiro de 2013 ata o 31 de Decembro de 2013."

Visto que tal acordo deriva da proposta de Alcaldía de data 7 de Maio de 2013, que textuamente recollía o seguinte:

"Visto que con data 18 de Xullo de 2012 a Deputación de Pontevedra asinou un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para levar a cabo o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais naqueles concellos da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Vista a comunicación recibida da Deputación de Pontevedra na que se indica que a mesma asinará un convenio con cada un dos concellos para cofinanciar o servizo de axuda a domicilio na súa modalidade de prestación básica, tomando como referencia as contías concedidas no exercicio 2012.

Esta Alcaldía propón á XGL:

Solicitar á Deputación de Pontevedra, a sinatura do convenio para cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios.

Aprobar a achega municipal que ascendería a cantidade de 31.717,55 €, con

efectos dende o 1 de Xaneiro 2013 ata o 31 de Decembro de 2013."

Visto que durante o ano 2013 estase a reducir o número de beneficiarios de prestación básica, debido ao feito de que gran parte dos mesmos pasaron ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia.

Visto que o artigo 50.2 do Decreto 99/2012 polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento recolle que os Concellos realizarán unha achega económica mínima do 20% do orzamento total dos módulos subvencionados.

Visto que a suma total dos gastos derivados da prestación do servizo de axuda no fogar, na súa modalidade de prestación básica, xunto cos gastos derivados da contratación de persoal de equipos con perfís profesionais diferentes e complementarios aos das traballadoras sociais, ascenderá ao longo do ano 2013, á cantidade de 53.550,23 €.

Visto que as cuantías máximas que pode percibir o Concello por cada un dos módulos obxecto de subvención son: 17.141,21 € (prestación básica do SAF), e 19.534,87 € (gastos derivados da contratación de persoal dos equipos con perfís profesionais diferentes e complementarios o do traballador social)

Esta Alcaldía propón á XGL, corrixir a cantidade que en concepto de achega municipal sinalóuse no acordo de data 10 de Maio de 2013, e sustituíla pola cantidade real que ascendería á cantidade de 16.875,15 €, polo que a proposta quedaría como sigue:

- Solicitar á Deputación de Pontevedra, a sinatura do convenio para cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios.

- Aprobar a achega municipal que ascendería a cantidade de 16.875,15 € con efectos dende o 1 de Xaneiro 2013 ata o 31 de Decembro de 2013."

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade aprobar a proposta da Alcaldesa transcrita e polo dito:

- Solicitar á Deputación de Pontevedra, a sinatura do convenio para cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios.

- Aprobar a achega municipal que ascendería a cantidade de 16.875,15 € con efectos dende o 1 de Xaneiro 2013 ata o 31 de Decembro de 2013.

4.2.- Mini residencia de maiores en Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a proposta da Alcaldesa a Xunta de Goberno Local, de data 30 de maio de 2013, sobor solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto denominado "Mini residencia de maiores en Silleda", que se transcribe:

"Visto que está aberta a convocatoria de axudas para proxectos subvenionados con cargo ao programa Leader de Galicia 2007-2013, xestionado, no que aquí interesa, polo GDR22 Terras do Deza

Visto o orza mento derivado do anteprojecto de "Mini residencia de maiores en Silleda", así como o orzamento derivado dos custes de equipamentos, mobiliario, e outros conceptos que ascende na súa totalidade a 771.675,53 euros.

Proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

-Solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), ao abeiro da referida convocatoria, unha subvención para o desenvolvemento do proxecto denominado "Mini residencia de maiores en Silleda", como "proxecto non produtivo" ata a cantidade total subvencionable, que ascende a 250.000 euros."

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade aprobar a proposta da Alcaldesa transcrita e polo dito solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), ao abeiro da referida convocatoria, unha subvención para o desenvolvemento do proxecto denominado "Mini residencia de maiores en Silleda", como "proxecto non produtivo" ata a cantidade total subvencionable, que ascende a 250.000 euros.

4.3.- XXXIX Festa da Empanada.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a proposta do Concelleiro de Turismo, Klaus Brey Montaña, sobor solicitude de subvención para a XXXIX Festa da Empanada, que se transcribe:

"Vista a Resolución do 30 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concurrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión as festas declaradas de interese turístico de Galicia, publicada no DOG número 90, do luns 13 de maio de 2013

PROPÓN

Que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Solicitar unha subvención para a XXXIX Festa da Empanada ao abeiro da referida orde polo importe de 3.500 €, así como comprometerse a financiar o importe do orzamento presentado deste evento que non resulte subvencionado."

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade aprobar a proposta do Concelleiro de Turismo transcrita e polo dito solicitar unha subvención para a XXXIX Festa da Empanada ao abeiro da Resolución do 30 de abril de 2013, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concurrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión as festas declaradas de interese turístico de Galicia, publicada no DOG número 90, do luns 13 de maio de 2013 polo importe de 3.500 €, así como comprometerse a financiar o importe do orzamento presentado deste evento que non resulte subvencionado

5º.- **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PACO LAREO. A SOLAINA DE PILOÑO, MUSEO DA MINERÍA DE FONTAO, MUSEO ETNOGRÁFICO CASA DO PATRÓN DE CODESEDA E O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO ROMÁNICO DE CARBOEIRO.**

Pola Alcaldesa dase conta do texto do convenio de colaboración entre a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño, Museo da Minería de Fontao, Museo Etnográfico Casa do Patrón de Codeseda e o Centro de Interpretación do Románico de Carboeiro, que ten como obxectivo principal establecer as bases de actuación para exercer unha total colaboración entre as entidades sinaladas, coa finalidade de intercambiar, visitas e información mediante indicadores exteriores, carteis interiores, folletos informativos, guías e papelería en xeral, internet, e calquera outro medio que acorde a Comisión de Seguimento, creada a tal fin.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes acorda:

1º.- A integración do Centro de Interpretación do Románico de Carboeiro e Concello a este convenio, así como adhesión coa plena aceptación das cláusulas estipuladas dende a firma do documento.

2º.- Participará na comisión paritaria mixta, en representación do Concello de Silleda, o concelleiro de Turismo, Klaus Brey Montaña.

3º.- Facultar a Alcaldesa para asinar cantos documentos sexan precisos en relación a este convenio.

6º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DO PATRONATO PROVINCIAL DE TURISMO RÍAS BAIXAS.

Pola Alcaldesa dase conta do escrito remitido polo Patronato Provincial “Turismo Rías Baixas”, de data 02 de maio de 2013, Rexistro de Entrada nº 2778, de data 14 de maio de 2013, en relación a resolución do expediente das bases reguladoras para concesión de subvencións a entidades locais, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a bolsas de colaboración para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo da provincia de Pontevedra durante o ano 2012, polo que resolve, recoñecer a obriga e ordear o pago á entidade beneficiaria, CONCELLO DE SILLEDA (P-3605200-I), correspondente á subvención destinada a bolsas de colaboración para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo da provincia de Pontevedra durante o ano 2012, por unha cantidade total de CATRO MIL CINCUENTA E OITO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (4.058,29 €), cantidade que será librada con cargo á aplicación 13/433.432.462.03.2012 do orzamento da Deputación de Pontevedra, ingresada no nº de conta: 0030 6210 22 0925476271.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

1º.- Escrito da Dirección Xeral de Conservación da Natureza sobre axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Visto o escrito remitido pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza - Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 20 de maio de 2013, Rexistro de Entrada no Concello nº 3028, de data 30 de maio de 2013, relativo a solicitude de subvención do Concello ao amparo da Orde do 28 de setembro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a

súa convocatoria para os anos 2012, 2013 e 2014, financiada cunha achega do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao 75%, Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, con cargo ao eixe prioritario 2, na medida 21600 "axudas a inversións non produtivas", do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia, para a realización de:

Actuación: Área de baños de Cira

Expediente: P-2012-31

mediante o cal comunica a resolución que se transcribe:

“Autorizar a execución dos proxectos que se relacionan no anexo 1, xa que as actuacións previstas non suporán a perda dos valores polo que o espazo natural foi protexido e polo tanto non existe prexuízo á súa integridade, sempre e cando se cumpran as seguintes condicións:

- 1.- No desenvolvemento das obras estarase ao disposto no informe técnico emitido ao respecto polo Servizo Provincial de Conservación da Natureza.*
- 2.- Non se executarán as unidades que figuran como excluídas no anexo 1, se fóra o caso.*
- 3.- Se no transcurso das obras se demostrase algunha repercusión negativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar dita afección, e será o Servizo Provincial de Conservación da Natureza quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producidos (incluso a paralización das obras ata que se subsanen as deficiencias observadas). Neste suposto, o titular da autorización estaría obrigado obras, restituíndoos á súa situación anterior.*

A presente autorización non exixe a obtención e/ou cumprimento doutros permisos, autorizacións ou comunicacións necesarias para a execución deste proxecto.

Contra esta resolución estarase ao disposto no artigo 44º da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Anexo I Datos da axuda

Beneficiario: Concello de Silleda

Expediente: PO-2012-31

Actuación: Área de baños de Cira

Grupo de actividade: 1a)

LIC/ZEPA: ES1140001 Sistema Fluvial Ulla-Deza

Importe da axuda aprobada (sen IVE): 16.509,24 €

Sentido do informe: Favorable

Unidades excluídas/modificadas: se for o caso segundo o especificado na carta de aprobación da axuda

*Anexo II. Informe ambiental do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de Pontevedra. O dito informe conclúe:
"As accións ou actividades que non foron excluídas son respectuosas coas finalidades e obxectivos da rede Natura 2000 e non poñen en perigo os valores que xustifican a protección deste espazos."*

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda remitir este expediente ó axente de desenrolo local Alfredo Abeledo Penas para que proceda a tramitar a subvención. tendo en conta as seguintes anualidades e prazos:

- Anualidade ano 2013.- 9.080,08 €

O prazo para finalizar os traballos e realizar as transferencias bancarias xustificativas remata o 15/09/2013.

- Anualidade ano 2014.- 7.429,16 €

O prazo para finalizar os traballos e realizar as transferencias bancarias xustificativas remata o 15/09/2014.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS:

Non hai intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as quince horas e dezanove minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario, dou fe e certifico.

Silleda, a 30 de maio de 2013.

Vº e Práxe
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena



Asdo. Francisco J. Oubiña Lodeiro

